



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

### ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE CATRO PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS 2023 (PEL 2024).

EXPTE. TEDEC: 2024/E001/000003

En Camariñas, a dezaioito de abril de dous mil vinte e catro, sendo as 8:30 horas, salón de plenos da Casa do Concello, reúnen-se os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a contratación laboral de catro peóns ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial no marco do Programa PEL-CONCELLOS 2024.

**Presidente:** D. José Ameijeiras Oreiro, persoal laboral do Concello de Camariñas.

**Vogais:** D. Manuel Castiñeira Santos, persoal laboral do Concello de Camariñas.  
D. José Castro Cures, persoal laboral do Concello de Camariñas.  
D. Manuel Silva Canosa, persoal laboral do Concello de Camariñas.

**Secretario:** D. Juan José Canosa Canosa, persoal laboral do Concello.

Dada a presenza do presidente, do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal, polo que este procede:

**Primeiro:** A examinar, a través da lectura individual por cada un dos membros do tribunal, a lista definitiva dos aspirantes admitidos, a fin de verificar a existencia ou ausencia de causas de abstención e recusación dos arts. 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e de non ter realizado tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas nos últimos cinco anos e de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 29 de outubro polo que se aproba a Lei do estatuto Básico do Empregado Público que esixe que a pertenza aos tribunais de selección o sexa a título individual e non se actúa en representación e por conta de ninguén.

**Segundo:** O presidente do Tribunal recorda a todos os membros do tribunal o deber de sxiilo profesional e confidencialidade dos asuntos e dos datos que se tratan como consecuencia da súa participación como membros deste e da obriga de gardar un absoluto sxiilo profesional en todas as materias que non sexan de publicación oficial e aquelas que aínda séndoo, non fosen publicadas aínda, co obxectivo de evitar calquera filtración.

Acto seguido, de conformidade co disposto na base 7ª da convocatoria, procedese a valoración dos méritos alegados polos aspirantes admitidos (fase concurso). Rematada a valoración de méritos, o tribunal por unanimidade dos membros presentes acorda outorgar as seguintes puntuacións:

#### **RESULTADO FASE DE CONCURSO**

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
TEDÍN PÉREZ, JOSÉ MANUEL	0,00
PENSADO PÉREZ, MARÍA LUZ	0,00
CARRIL ROMERO, MARINA	2,00
BERMÚDEZ TAJES, CARMEN	0,00
PÉREZ CASTIÑEIRA, CARLOS ALBINO	2,00
ÁLVAREZ VIDAL, MANUEL	0,00
PÉREZ CARRIL, MOISÉS	1,00
BOUZAS CARRIL, MARÍA DEL MONTE	0,00
BAÑA SENANDE, MIGUEL	2,00



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	0,00
GERPE LISTA, OSCAR MANUEL	1,00
TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	0,00
CARRIL BARCIA, EVA MARÍA	0,00
RODRÍGUEZ CABEZA, EDUARDO	1,00
TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	0,00
BARCIA SUÁREZ, ANIBAL	0,00
CANOSA NOVAIS, ROSARIO	0,00
ALONSO FREIRE, MARÍA TERESA	0,00

O tribunal ordena facer público o resultado da valoración de méritos (fase de concurso) mediante a exposición de anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Sendo as 09:30 horas, os membros do Tribunal desprázanse á área recreativa do Ariño - Xaviña (merendeiro da praia do Ariño), lugar onde foron convocados os aspirantes admitidos para a realización do exercicio da fase de oposición (proba práctica) prevista na base 7ª da convocatoria.

A continuación, de conformidade coa base 7ª da convocatoria, procédese a determinar a proba práctica que consistirá nunha simulación de traballo, tal como: manexo de maquinaria, adopción de medidas de seguridade e hixiene no traballo, sinalización de obras ou calquera outra tarefa/s relacionada/s co posto. Nesta proba práctica se valorará a calidade e rapidez da execución das tarefas así como aqueles outros aspectos que determine o Tribunal. A proba puntuarase ata un máximo de 8,00 puntos. Para superar o exercicio os/as aspirantes deberán de obter unha puntuación igual ou superior a 4,00 puntos.

A proba práctica proposta polo tribunal consiste en: Vestirse adecuadamente co equipamento para utilizar unha rozadora e rozar unha pequena superficie de monte, sinalizar unha obra adecuadamente con catro sinais de obra distintas e choer un tabique con dúas fileiras de ladrillo, que se realizarán por cada aspirante nun tempo máximo de 5 minutos para a proba de roza, 5 minutos para a proba de sinalización e 10 minutos para a proba de choer o tabique.

Acto seguido, de conformidade co acordado por Decreto da Alcaldía de data 15/04/2024, sendo as 10:00 horas, procédese ao chamamento polo seu nome completo aos aspirantes admitidos para a realización da proba práctica, comprobando a súa identidade mediante a presentación do DNI, co seguinte resultado:

### **CANDIDATOS** PRESENTADOS/NON PRESENTADOS (FASE DE OPOSICIÓN)

APELIDOS E NOME	PRESENTADO/NON PRESENTADO
TEDÍN PÉREZ, JOSÉ MANUEL	PRESENTADO
PENSADO PÉREZ, MARÍA LUZ	PRESENTADO
CARRIL ROMERO, MARINA	PRESENTADA
BERMÚDEZ TAJES, CARMEN	PRESENTADO
PÉREZ CASTIÑEIRA, CARLOS ALBINO	PRESENTADO
ÁLVAREZ VIDAL, MANUEL	NON PRESENTADO
PÉREZ CARRIL, MOISÉS	PRESENTADO
BOUZAS CARRIL, MARÍA DEL MONTE	PRESENTADO
BAÑA SENANDE, MIGUEL	PRESENTADO
ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	PRESENTADO
GERPE LISTA, OSCAR MANUEL	PRESENTADO



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	PRESENTADO
CARRIL BARCIA, EVA MARÍA	NON PRESENTADA
RODRÍGUEZ CABEZA, EDUARDO	PRESENTADO
TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	PRESENTADO
BARCIA SUÁREZ, ANIBAL	PRESENTADO
CANOSA NOVAIS, ROSARIO	NON PRESENTADA
ALONSO FREIRE, MARÍA TERESA	NON PRESENTADA

A actuación dos aspirantes na realización da proba práctica lévase a cabo por orde alfabética, empezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra "H" conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2024 (DOG número 29, de data 9 de febreiro de 2024).

A continuación o Presidente do Tribunal dá aos aspirantes as oportunas instrucións para a realización da proba, que se inicia ás 10:08 horas coa actuación do primeiro aspirante.

Sendo as 12:00 horas dáse por rematada a proba de tódolos os aspirantes.

Realizada a proba práctica polos aspirantes, o tribunal, de conformidade co disposto na Base 7ª da convocatoria, acorda outorgar as seguintes puntuacións que son a media aritmética da puntuación outorgada por todos os membros do tribunal con dereito a voto:

### **RESULTADO PROBA PRÁCTICA (FASE DE OPOSICIÓN)**

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓNS				
	ROZA	SINALIZACIÓN	CONSTRUC. MURO	TOTAL PUNTOS	APTO/NON APTO
TEDÍN PÉREZ, JOSÉ MANUEL	0,00	0,00	2,30	2,30	NON APTO
PENSADO PÉREZ, MARÍA LUZ	0,00	0,00	1,00	1,00	NON APTA
CARRIL ROMERO, MARINA	2,00	0,00	2,50	4,50	APTA
BERMÚDEZ TAJES, CARMEN	1,50	0,00	1,00	2,50	NON APTA
PÉREZ CASTIÑEIRA, CARLOS A.	2,00	0,00	1,70	3,70	NON APTO
PÉREZ CARRIL, MOISÉS	1,50	0,00	2,00	3,50	NON APTO
BOUZAS CARRIL, Mª MONTE	1,00	0,00	2,80	3,80	NON APTA
BAÑA SENANDE, MIGUEL	1,00	0,00	1,20	2,20	NON APTO
ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	2,00	2,00	3,80	7,80	APTO
GERPE LISTA, OSCAR MANUEL	2,00	0,00	1,30	3,30	NON APTO
TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	2,00	2,00	4,00	8,00	APTO
RODRÍGUEZ CABEZA, EDUARDO	0,00	0,00	1,00	1,00	NON APTO
TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	1,00	2,00	3,00	6,00	APTO
BARCIA SUÁREZ, ANIBAL	0,00	2,00	1,00	3,00	NON APTO

Os aspirantes incluídos nesta relación que teñen a consideración de "non aptos" quedan eliminados do procedemento ao non alcanzar a puntuación mínima establecida nas bases.

Así, a vista da puntuación obtida polos aspirantes na proba práctica, o tribunal por unanimidade dos seus membros e de conformidade coa Base 7ª da convocatoria, acorda: aprobar a seguinte relación de aspirantes aprobados/as na fase de oposición:

### **CANDIDATOS APROBADOS NA PROBA PRÁCTICA (FASE DE OPOSICIÓN)**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	8,00
ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	7,80
TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	6,00
CARRIL ROMERO, MARINA	4,50

Os aspirantes non incluídos/as nesta relación teñen a consideración de “non aptos” e polo tanto quedan eliminados ao non alcanzar a puntuación mínima establecida nas bases.

Rematada a proba práctica, vista a puntuación obtida polos aspirantes en cada unha das fases procedemento, resulta que a puntuación final dos aspirantes no concurso-oposición é a seguinte:

### **RESULTADO FINAL DO PROCEDEMENTO (FASE DE CONCURSO E FASE DE OPOSICIÓN)**

APELIDOS E NOME	CONCURSO	PROBA PRÁCTICA	TOTAL
TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	0,00	8,00	8,00
ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	0,00	7,80	7,80
TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	0,00	6,00	6,00
CARRIL ROMERO, MARINA	2,00	4,50	6,50

Así pois, o tribunal, vistas as puntuacións obtidas polos aspirantes no concurso-oposición, acorda aprobar a seguinte relación de candidatos aprobados, coas seguintes puntuacións totais/finais por orde decrecente:

#### RELACIÓN DE CANDIDATOS APROBADOS

NÚM.	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	8,00
2	ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	7,80
3	CARRIL ROMERO, MARINA	6,50
4	TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	6,00

Á vista das puntuacións obtidas polos aspirantes, o Tribunal cualificador por unanimidade dos seus membros e de conformidade co disposto na base 7ª, 8ª e 9ª da Convocatoria, acorda:

**Primeiro:** Publicar a relación de candidatos presentados/non presentados as probas con indicación das puntuacións totais acadadas, ordenando os candidatos de maior a menor por orde de puntuación.

**Segundo:** Os candidatos disporán dun prazo **dun día hábil** para completar a documentación ou presentar alegacións ás puntuacións das fases de oposición ou concurso, no Rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

**Terceiro:** Revisadas as alegacións/subsanacións, se as houbera, publicaranse as puntuacións definitivas así como a relación de candidatos propostos para contratación.

**Cuarto:** No caso de non producirse alegacións, propónse elevar a definitivas as puntuacións finais obtidas polo candidatos.

**Quinto:** Si non se producen alegacións e elevadas a definitivas as puntuacións finais, **propónse á Alcaldía** que proceda a contratación dos seguintes catro candidatos para a realización de obras e servizos mínimos municipais 2024 (PEL CONCELLOS 2024),



## CONCELLO DE CAMARIÑAS

### A CORUÑA

segundo a puntuación final, de maior a menor, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indica:

NÚM.	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1	TAJES CANOSA, JOSÉ ANTONIO	8,00
2	ALONSO LÓPEZ, JOSÉ	7,80
3	CARRIL ROMERO, MARINA	6,50
4	TRILLO PARGA, MIGUEL ÁNGEL	6,00

**Sexto:** Os/as aspirantes propostos/as achegarán dentro do prazo de **1 días hábil**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas, os orixinais/copias compulsadas da documentación aportada ó proceso.

**Sétimo:** Vista a relación de candidatos aprobados na que tan so superaron procedemento catro candidatos, visto o disposto na base 9ª da convocatoria, non se establece listaxe de reservas.

**Oitavo:** Dar traslado da correspondente acta á Alcaldía aos efectos do previsto nas Bases da convocatoria que regula o proceso selectivo.

**Noveno:** Facer público o resultado do concurso-oposición mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 12:30 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe  
O Presidente,

O Secretario,